

PLAN DE CONTINXENCIA CURSO 2020-2021 – CIFP PORTOVELLO

VERSIÓN 1 – 15 de setembro

| | | |
|---|-------|---|
| 1. XUSTIFICACIÓN | | 2 |
| 2. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN GROMO | | 2 |
| 3. ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL | | 6 |
| 4. PROTOCOLO PARA A EDUCACIÓN NON PRESENCIAL | | 7 |
| 5. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL | | 8 |

1. XUSTIFICACIÓN

Este documento está elaborado en base ás *Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, e a Resolución conxunta das consellerías de educación, universidade e formación profesional e de sanidade pola que se aproba o protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 para o inicio do desenvolvemento da actividade lectiva no curso académico 2020/2021 nos centros de ensino non universitario de Galicia.*

O Plan de Continxencia do CIFP Portovello ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se vexa interrompida a consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial parcial ou total no Centro. Asemade, pretende este documento establecer as liñas de actuación a seguir durante a actividade académica a distancia, no caso de ser esta necesaria.

2. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN GROMO

No *“Plan de Adaptación ao Contexto Covid do CIFP Portovello”*, pódense ver os protocolos de actuación a seguir no caso dun gromo, as cales se relacionan novamente a continuación:

1. **Non asistirán ao Centro** o alumnado, docentes e/ou outros profesionais que teñan

síntomas compatibles cos do COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID- 19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

- A) Para o **profesorado e persoal non docente**, cando teña sintomatoloxía compatible coa COVID, non acudirán ao centro educativo e darán coñecemento inmediatamente a Xefatura de estudos, que informará ao Equipo COVID. Como criterio xeral, manterase en illamento preventivo domiciliario, poñéndose en contacto co seu centro de saúde ou no seu caso cos facultativos da mutua. Serán os facultativos os que valorarán a sintomatoloxía e prescribirán a realización dun test diagnóstico ou proba PCR en 24 horas, se así o consideran, manténdose o illamento ata coñecer o resultado da proba.
- b) Para o **alumnado**, no caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, non acudirá ao centro, contactando a mesma persoa ou a súa familia inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumnado e enviará un mail a covid@cifpportovello.com cos seguintes datos: nome e apelidos, DNI, teléfono de contacto, ciclo e curso e sintomatoloxía.

Para xustificar a ausencia non será necesario ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais, ou alumnado maior de idade, se é o caso, utilizando o modelo habitual ou a través de Abalar ou correo electrónico á persoa titora. As ausencias derivadas desta causa terán a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar e do número máximo de faltas de asistencia permitidas.

A persoa titora na sesión de presentación dará ao alumnado o modelo de Declaración Responsable para que sexa asinado polo pai/nai ou titor legal ou alumnado maior de idade. Esta declaración será asinada e devolta á persoa titora na primeira semana de clase. Tamén se lle facilitará a Enquisa de autoavaliación clínica do COVID-19 (Anexo I) que estará publicada na web do centro, que debe realizarse no domicilio de forma diaria antes de acudir ao centro educativo.

Se algún membro da familia ou contacto estreito do alumnado ou persoal do centro é sospeitoso de padecer a COVID- 19, o/a alumno/a ou o persoal do centro NON poderán acudir ao centro ata que se coñeza que o resultado da proba sexa negativo. O resultado da proba comunicárase á persoa coordinadora do Equipo COVID do centro por correo electrónico.

Ante a sospeita de que calquera persoa que forme parte da comunidade educativa presenta unha **sintomatoloxía** compatible coa do COVID-19 **durante a súa estancia no centro**, actuarase conforme ao establecido no “*Plan de Adaptación ao Contexto Covid* do CIFP Portovello”:

O/A traballadora que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, contactar co seu centro de saúde de referencia e seguir as instrucións do mesmo ata que a súa valoración por un profesional sanitario.

No caso que sexa necesario acompañar a calquera persoa ao **espazo COVID** seguiranse as seguintes indicacións:

a) Avisar en conserxería/equipo directivo/ equipo COVID.

b) Darlle unha máscara cirúrxica para que a poña enriba da que xa ten posta.

No caso da persoa que acompañe debe poñerse unha máscara FFP2.

c) Realizar e cubrir a enquisa de autoavaliación, incluída a toma de temperatura.

d) No caso de alumnado maior de idade: a/o alumno/a chamará ao seu centro de saúde de referencia, o cal lle dará as instrucións a seguir.

e) No caso de alumnado menor de idade: a/o alumna/o ou centro educativo contactará coa familia, que a súa vez contactará co centro de saúde de referencia e seguirá as súas indicacións.

f) Cando se dé a circunstancia de 2 o mais casos simultáneos con sintomatoloxía COVID, os casos sospeitosos serán levados preferentemente a un espazo aberto e cuberto; ou a un espazo pechado e ben ventilado (MENOS RECOMENDABLE). Unha vez levado o suposto caso a ese espazo, actuarase seguindo os puntos 2,3,4,5 e 6.

g) No caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.

Na aula Covid estará a disposición da persoa acompañante do caso sospeitoso: termómetro infravermellos, xel hidroalcolico, máscaras FFP2, máscaras cirúrxicas, luvas, enquisas de autoavaliación e limpasuperficies con solución hidroalcolica.

2. Trala aparición dun caso diagnóstico da Covid 19, seguiranse as recomendacións da Autoridade Sanitaria.

3. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro escolar, o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.

4. Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera alumno, ou profesional do centro educativo, profesor ou outro traballador que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia <2 metros ao redor do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento.

As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado (cunha obriga de illamento durante 10 días) deberán entrar en corentena, estando corentenados nos seus domicilios e suspenderán mentres dure este a ensinanza presencial polo un período de 14 días. O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula. Aos contactos estreitos realizaráselle unha proba de COVID nun prazo non superior a 48 horas para identificar ás persoas que teñan unha posible infección por COVID-19.

En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo

completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo. A medida será proposta pola Autoridade Sanitaria dentro do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia.

5. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 14 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.

6. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.

Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

3. ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

1. O ensino non presencial será empregado en periodos que sexa necesario o confinamento dun grupo, nas xornadas de ensino telemático as que se acolleron determinados grupos (20%) ou cando algunha alumna/o se atope en periodo de corentena.

Será impartido polo profesorado ordinario do alumnado a través da aula virtual asignada a cada grupo.

O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da

materia de xeito virtual a través dos contidos e actividades compartidos a través mencionada plataforma. Igualmente, o/a profesor/a poderá poñerlle tarefas ao alumnado que reforcen os contidos da materia ou a avaliación continua da mesma.

Determinados módulos ou ciclos empregan outras ferramentas de traballo e comunicación virtual (Teams...), que poden ser de xeito complementario á aula virtual xa existente.

A dinámica de traballo con ferramentas online debe estar xa incorporada dende inicios de curso para que o alumnado adquira competencia de emprego dentro do contexto do módulo e ciclo correspondente.

No caso de que algún alumno ou alumna se atope en periodo de corentena será a titoría quen informe ao equipo docente para facer as funcións de acompañamento e seguemento mediante ensino non presencial.

2. Ao comezo do curso, as titorías identificarán ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento. De existiren estas carencias, a información será trasladada ao *equipo directivo* para que, á súa vez, a traslade á Consellería e ésta adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da ensinanza realizada mediante medios telemáticos.

3. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial, a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

4. A modo preparatorio, de cara a un posible período de suspensión da actividade presencial, este centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- A comenzos de curso realizaranse sesións de formación para o profesorado en materia de ferramentas dixitais dando continuidade ás realizadas no final do pasado curso lectivo 2019/20.

- Todo o profesorado solicitará, antes do comezo da actividade lectiva, para cada unha das materias que imparte, a creación dun curso na Aula Virtual do Centro. Nos mesmos, ao longo do curso, deberá engadir os recursos e/ou actividades necesarios que permitan ao alumnado seguir o proceso de aprendizaxe no suposto de docencia non presencial. O coordinador T.I.C. do Centro será a persoa encargada de crear os mencionados cursos, dando de alta a alumnado e profesorado.
- Cada docente debe verificar a matrícula no curso virtual do alumnado e realizar, nas primeiras semanas de curso, sesións formativas co alumnado explicando cal será a metodoloxía de traballo no suposto de educación non presencial.
- O profesorado comprobará, que os enderezos electrónicos facilitados polo alumnado son correctos. Esta comprobación, xunto coa derivada dos cambios de matrícula deberá realizarse durante as primeiras semanas de clase.

4. PROTOCOLO PARA A EDUCACIÓN NON PRESENCIAL

1. Aviso de novas tarefas: cada vez que o profesorado cree unha tarefa nova, avisará no foro da aula virtual da creación desta, así como as datas de entrega.
2. Descrición das tarefas: a explicación das tarefas a realizar, así como os recursos necesarios para elaboralas, estarán no curso correspondente da Aula Virtual.
3. Planificación do traballo:
 - Datas de entrega de tarefas: na propia aula virtual, poderase consultar o calendario de cada curso coas datas de entrega das tarefas.
 - A temporalización da entrega das tarefas propostas quedará a criterio de cada profesor/a así como a distribución da mesma (diaria, semanal...)
4. Comunicación entre alumnado- familias-centro:

- O alumnado pode comunicarse co profesorado (e viceversa) a través do enderezo electrónico facilitado ao comenzo do curso e tamén mediante os medios que a aula virtual habilita para tal fin. É responsabilidade do alumnado a revisión frecuente destas ferramentas para coñecer as notificacións feitas polo profesorado.

- O profesorado poderá establecer unha franxa horaria para conectar co alumnado, que corresponderá preferentemente, co horario establecido para a educación presencial. Para atender fóra desa franxa horaria o/a profesor/a acordarao expresamente co alumnado.

- Aquelas comunicacións de carácter xeral, que afecten á totalidade do alumnado do Centro, realizaranse por medio da páxina web e por ABALAR, polo que se pide que o alumnado teña instalado no seu móvil ABALARMÓBIL, ou o pai/nai en caso de ser menor de idade.

5. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

No suposto de suspensión da actividade lectiva, e en consecuencia, da súa posterior reanudación, as medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial serán as indicadas nese momento polas autoridades sanitarias e educativas pertinentes, atendendo en todo momento ás recomendacións sanitarias vixentes.